

## **REGULAMENTO CARREIRA POPULAR SOLIDARIA “DONAR ES AMAR”**

### **1. ORGANIZACIÓN:**

**ALCER Lugo** (Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril), **DETRADI Galicia** e o **Concello de Lugo**, en colaboración con **CCNorte** organizan a primeira edición da carreira solidaria “DONAR ES AMAR”.

Trátase dun evento solidario onde a recadación a carreira irá destinada a colaborar coa devandita causa.

### **2. CALENDARIO:**

- Data do evento: Domingo 22 de Setembro.
- Hora primeira saída: a partir de las 10:30h.
- Lugar de saída e meta: inmediacións da praza de Santa María (á carón da catedral).

### **3. COMPETICIÓN:**

- 10:30h “**ANDAINA**” (Non competitiva, e para todas as idades): 2200m (1 volta completa á muralla).
  - 11:00h **SUB14 / SUB16**: 1440m (4 voltas completas á catedral).
  - 11:10h **SUB10 / SUB12**: 1080m (3 voltas completas á catedral).
  - 11:15h **PITUFOS**: (Non competitiva) 130m (saída desde a rampla da muralla).
  - 11:30h **ADULTOS**: 4700m (2 voltas completas á muralla).
- **Ligazón a percorridos en racemapp.com:** <https://racemapp.com/proyecto/621-carreira-popular-donar-es-amar>

### **4. CATEGORÍAS:**

#### **MENORES:**

|                |      |      |
|----------------|------|------|
| <b>PITUFOS</b> | 2017 | 2024 |
| <b>SUB10</b>   | 2015 | 2016 |
| <b>SUB12</b>   | 2013 | 2014 |
| <b>SUB14</b>   | 2011 | 2012 |
| <b>SUB16</b>   | 2009 | 2010 |

## ADULTOS:

|                   |         |           |
|-------------------|---------|-----------|
| <b>SENIOR</b>     | 2008    | 34 anos   |
| <b>VETERAN@ A</b> | 35 anos | 44 anos   |
| <b>VETERAN@ B</b> | 45 anos | 54 anos   |
| <b>VETERAN@ C</b> | 55 anos | 64 anos   |
| <b>VETERAN@ D</b> | 65 anos | en diante |

### 5. INSCRICIÓN:

Desde o día luns 29 de xullo ata o martes 17 de setembro inclusive, en [ccnorte.com](http://ccnorte.com).

- Andaina 6€.
- Adultos 8€ +1€ de alugueiro non propietarios + 5€ de fianza (serán devoltos á semana seguinte).
- Menores 2€.

**\*\*A maiores poderase facer un donativo solidario a favor de ALCER (o donativo non dá dereito a competir nas carreiras)**

**Haberá avituallamento despois de cada carreira.**

\*A inscrición na carreira implica a aceptación do presente regulamento.

\*De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que a participación na proba implica o consentimento para a incorporación dos datos persoais facilitados ao ficheiro automatizado existente para os organizadores. A finalidade deste ficheiro é o tratamento para a xestión e desenvolvemento da mencionada proba.

### 6. TROFEOS:

- Pitufos: medallas para todos
- Sub10, Sub12, Sub14 y Sub16: 3 primeir@s de cada categoría.
- Adultos: 3 primeir@s absolutos, 3 primeir@s de cada categoría (os premios son acumulables).

### 7. AGASALLOS:

- Camiseta técnica do evento SO PARA ADULTOS E ANDAINA (NON MENORES)
- Sorteo de agasallos dos diferentes patrocinadores ao finalizar.

## 8. RECOLLIDA DE DORSAIS:

\* Venres 20 de setembro de 10:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00, e o Sábado 21 de setembro de 10:00 a 13:00 nas oficinas de ALCER Lugo (Avda. Infanta Elena, 11. Casa Clara Campoamor locais 5-7).

*\* Os corredores de fora do concello de Lugo poderán recoller o dorsal o mesmo día da carreira na carpa habilitada pola organización na zona de saída a partir das 9:00.*

**\* "EN CASO DE APRAZAMENTO DA DATA POR CAUSAS ALLEAS Á ORGANIZACIÓN  
FIXARASE A CARREIRA NOUTRA POSTERIOR".**

**\*\*TODAS AS PERSOAS PARTICIPANTES ESTÁN CUBERTAS POR SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E ACCIDENTES**

**\*\*SERVIZO MÉDICO**

**\*\*SERVIZO DE GARDARROUPA**

